

## ¿En que consiste o programa municipal "VIGO EN INGLÉS?"

O Concello de Vigo, trala obrigada interrupción ocasionada pola pandemia sanitaria da Covid-19, retoma o programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2021-2022" que tentará seguir promovendo a mellora da competencia e capacitación en lingua inglesa do alumnado de Vigo; tendo en conta que a saúde e seguridade do alumnado participante é o criterio de maior relevancia para o Concello de Vigo, polo que se manterá a máxima atención a calquera condicionante que puidese requirir a adopción de medidas de protección, así como a concurrencia de circunstancias sanitarias ou de outro tipo que aconsellen modificacións no desenvolvemento deste programa municipal, na procura de garantir as condicións necesarias para a realización desta experiencia académica internacional de xeito óptimo e seguro.

A presente convocatoria constará inicialmente de ata un máximo de 925 prazas para alumnado de 3º e 4º da ESO en réxime de concurrencia competitiva, segundo contrato en vigor do expte. Administrativo 25031/332 para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo "Vigo en Inglés 2021-2022"; e si fora o caso, outras 370 prazas máis condicionadas á tramitación por parte do servizo municipal de educación do expediente de modificación de contrato para atender o aumento de demanda e conseguinte incremento do número total de alumnado beneficiario. Esta oferta desglosase nun máximo dun 55% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros públicos e un máximo dun 45% das prazas a asignar para alumnado escolarizado en centros privados-concertados.

O programa permitirá realizar viaxes e estadias de inmersión lingüística a Reino Unido e/ou Irlanda que teñen como obxectivo ofrecer aos alumnos e alumnas de 3º e 4º de ESO dos centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos, a oportunidade de mergullarse na lingua e cultura británicas e aprender nas escolas locais ou High Schools en réxime de integración escolar co alumnado nativo, como se fosen un máis da clase. Por este motivo, as estadias dunha duración de 3 semanas, teñen previsto realizarse preferentemente entre a segunda quincena de setembro e ao longo do mes de outubro de 2022.

As prazas inclúen o importe da matrícula no programa lectivo e o material necesario para completalo e acreditar a súa finalización, así como os custos de aloxamento en familias anfitriñas e manutención en réxime de pensión completa. Asemade, inclúen os gastos derivados do curso intensivo de mellora en lingua inglesa, da organización de actividades extraescolares e de lecer e visitas didácticas a centros de interese do país de acollida (que se desenvolverán en inglés e guiadas por monitorado bilingüe), así como o importe das viaxes de ida e volta, dos seguros de viaxe e responsabilidade civil, e do transporte urbano ata o centro de ensino de integración asignado.

Agardando a túa proveitosa participación no programa educativo "Vigo en Inglés 2021-2022", recibe un cordial saúdo.

**Abel Caballero**  
Alcalde de Vigo



**CONCELLO  
DE VIGO**



**SERVIZO DE EDUCACIÓN**

**Praza do Rei s/n, Planta 11ª - 36202 Vigo**

**Teléfono: 986 81 01 81**

**E-mail: [vigoeningles@vigo.org](mailto:vigoeningles@vigo.org)**

**[www.escolas.vigo.org/vigoeningles](http://www.escolas.vigo.org/vigoeningles)**

**[www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org)**

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **VIGO EN INGLÉS** **Programa Educativo Municipal**



**2021-2022**

**Becas de inmersión en lingua inglesa**  
**[www.escolas.vigo.org/vigoeningles](http://www.escolas.vigo.org/vigoeningles)**  
**[www.vigoeningles.org](http://www.vigoeningles.org)**

## ¿CALES SON OS REQUISITOS PARA SOLICITAR A PARTICIPACIÓN?

- a) Estar a cursar 4º da ESO (para edición "Vigo en Inglés 2021") ou 3º da ESO (para edición "Vigo en Inglés 2022) nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2021-2022.
- b) Ter aprobadas todas as materias de 2º de ESO.
- c) Ter obtido como mínimo unha nota dun 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificación finais de 2º de ESO.
- d) Estar empadroad/a no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2021, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- e) Non ter concedida, no ano 2022, outra axuda coa mesma finalidade.
- f) Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor.

## ¿COMO PODES SOLICITAR A PRAZA?

Os/as interesados/as poderán consultar a información para a participación no programa Vigo en Inglés 2021-2022 nas páxinas web:

"www.escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "www.vigoeningles.org". Para poder participar deben cubrir o Formulario de Solicitud on line que se atopa aloxado nas páxinas web "www.escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "www.vigoeningles.org/convocatoria" , e unha vez cuberto tamén poderá achegar neste mesmo lugar a documentación requirida. Para que o Formulario de Solicitud sexa válido e necesario proceder ao seu rexistro.

**Solicitud telemática (preferente):** Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitud aloxado nas páxinas web: "www.escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "www.vigoeningles.org/convocatoria" terá que entrar no rexistro xeral na sede electrónica do Concello de Vigo, (vigo.org/solicitud-vigoeningles) e premer o botón "tramitar por internet" onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior, asinado polo pai e nai ou titor/a legal. Unha vez realizado este proceso podera descargar o xustificante de Rexistro.

**Solicitud presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de Solicitud aloxado nas páxinas web:

"www.escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "www.vigoeningles.org/convocatoria" deberáse obrigatoriamente imprimir e asinar (polo pai e nai ou titor/a legal) o documento resultante e, acompañado da documentación requirida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9.00 a 13,30 hrs. previa cita nos telfs 010 / 986810260 / 986810100 ou na web "citaprevia.vigo.org", ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

## ¿CAL É A DOCUMENTACIÓN NECESARIA?

a) **Formulario de Solicitud** unha vez cuberto vía web e asinado, dixital ou manualmente.

b) **Certificación académica orixinal** emitida polo centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos na que conste **estar matriculado en 3º ou 4º ESO (segundo a convocatoria á que se presente) no curso académico 2021/2022 , ter aprobadas todas as materias de 2º de ESO e a nota final en lingua inglesa de 2º da ESO.**

c) **DNI/NIE do alumno/a**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor)

d) **DNI/NIE**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) **dos solicitantes** (pai e nai ou titor/a legal) que asinan o formulario de solicitud.

e) **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da tutoría legal.**

f) De ser o caso, **acreditación documental das circunstancias familiares** tales como: Título de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia, certificado de defunción (no caso de viuvez).

g) De ser o caso, **Certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar** emitido polo órgano competente cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.

h) **Xustificación de ingresos:** Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo a solicitud de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

i) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico orixinal** que así o acredite.

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar electrónicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitud ou ben presentar fisicamente en papel no momento de realizar a solicitud presencial.

## ¿CAL É O PROCESO PARA A ACEPTACIÓN DA PRAZA?

As listas de solicitudes adxudicadas, denegadas ou en lista de agarda serán publicadas nas webs do programa:

"www.escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "www.vigoeningles.org"

Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as prazas definitivamente, previo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, deberán presentar, no prazo habilitado ao efecto:

• **Exentos de pago - Anexo de aceptación ou renuncia da praza concedida**, a través da páxina web "www.escolas.vigo.org/vigoeningles" ou ben a través do Rexistro Xeral do Concello, vía telemática ou presencialmente así como en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

• **Con achega familiar:** Tramitarán vía telemática no sitio web "https://vigo.org/vigo-ingles" o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas entidades bancarias pertinentes.

## ¿ONDE TES QUE DIRIXIRTE?

Para formular calquera consulta, podes realizala en horario de 09:00 a 14:00 hs. De luns a venres no Servizo de Educación do Concello.

### Enderezo

Servizo de Educación · Programa VIGO EN INGLÉS  
Praza do Rei s/n, Planta 11ª · 36202 Vigo

**Teléfono**  
986 81 01 81

**E-mail**  
vigoeningles@vigo.org

**En todo caso, cómpre remitirse ao contido específico recollido nas Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de Inmersión en Lingua Inglesa VIGO EN INGLÉS 2021-2022 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do 11/11/2021.**

**WWW.ESCOLAS.VIGO.ORG/VIGOENINGLES**  
**WWW.VIGOENINGLES.ORG**

